


OUTONO CULTURAL ARTEIXO 2021

TEATRO CINEMA MÚSICA
MONICREQUES DANZA MAXIA
EXPOSICIÓN

ORGANIZA:



COLABORAN:



OUTUBRO

Teatro/Cinema/Música/Monicreques/Danza/Maxia e Exposición

A CONCELLARÍA DE CULTURA DO CONCELLO DE ARTEIXO LÉMBRALLES QUE:

Unha vez comezada a función pode restrinxirse o acceso á sala, polo que se prega a **máxima puntualidade**.

Non se permite o consumo de alimentos e bebidas no interior da sala. Os carros, paraugas, triciclos, etc. deberán permanecer fóra da sala. **As alarmas e os teléfonos móbiles deben desconectarse antes de entrar na sala.**

Para realizar **gravacións e tomar fotografías** deberán obter permiso previo da organización.

Cada espectáculo está pensado para unhas idades preferentes que recomentan as propias compañías polo que **en espectáculos infantís ou para todos os públicos os menores de 12 anos sempre estarán acompañados por un adulto**, que aboará a entrada correspondente, se é o caso, independentemente de se ocupa butaca ou non. **Só se autorizará a entrada de bebés nos espectáculos especificamente programados para eles.**

En espectáculos para adultos só se permitirá a entrada a menores se están acompañados por adultos, responsables dos seus comportamentos e dos posibles contidos inapropiados que poidan estar vendo, polo que a Concellaría de Cultura declina neles toda a responsabilidade sobre estes temas.

Esta programación poderá sufrir variacións se as circunstancias o aconsellan. Os espectáculos estarán suxeitos ao **aboamento de entrada ou á recollida de invitación**. Non poderá acceder ao recinto ningún sen entrada ou sen invitación para poder computar o aforamento efectivo por razóns de seguridade. O aforamento é único e compútase por persoas e non por butacas ocupadas.

ENTRADAS/INVITACIÓNS

VENDA DE ENTRADAS:

En horario de 11:30-13:30 h e 2 h antes de cada acto na Billeiteira do CCC de Arteixo, até completar a capacidade da sala que as autoridades sanitarias permitan. O n° máximo de entradas limitarase a 5 por persoa. O dereito á redución deberá acreditarse documentalmente (ordenaza fiscal n° 34)

DISTRIBUCIÓN DE INVITACIÓNS:

1 h antes da función na Billeiteira do CCC de Arteixo até completar a capacidade da sala que as autoridades sanitarias permitan. O n° de invitacións limitarase a 5 por persoa.

+INFO:

Centro Cívico Cultural de Arteixo, Paseo fluvial, s/n, 15142, Arteixo
Tfno.: 981 641 803

TEATRO CINEMA MÚSICA
MONICREQUES DANZA MAXIA
EXPOSICIÓNS

VENRES 1/20:00h/AUDITORIO CCC DE ARTEIXO/Teatro



ESTRELA DO DÍA

Produccións Teatrais Excéntricas

Adultos / Con invitación

Duración: 90 minutos

Autor: Quico Cadaval

Dirección: Marcos PTT Carballido

Elenco: Patricia Vázquez, Víctor Mosqueira, Rocio González e Evaristo Calvo

Sabías que se conservan mais de 400 milagres de Santa María, en códigos do século XIII... en galego? Que a maioría dos milagres da Señora serían hoxe condenados pola igrexa e perseguidos polo código penal?

Estrela do día é unha comedia divina, chea de cor, de música, de misterio e de humor; unha experiencia para o público recuperar a fe no teatro, o único lugar onde o milagre aínda é posible!

Organiza: FalaRedes, programa incluído na Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia

SÁBADO 2/20:00 h/AUDITORIO CCC DE ARTEIXO/Teatro



JOJÓ, HISTORIA DE UN SALTIMBANQUI

Grupo ES3HA2

TP / Con invitación

Duración: 80 minutos

Autor: Michel Ende

Adaptación: ES3HA2

Dirección: Antía del Río

Elenco: Darío Rodríguez, Iria Díez, Adara Aldao, Sara Rodríguez, Brais Maceiras, Verónica López, Lucía Bértoa, Carla Díaz, Noa Vela e Saleta Varela

Ende, protagonista desta historia, relátanos o dilema dunha minguada e empobrecida compañía de circo á que se lle ofrece unha posibilidade dourada: percorrer todo o país difundindo unha poderosa industria química. En troques pídeselles só unha condición, abandonar unha rapaza, con discapacidade á que tiñan acollido dende pequena, xa que non «da boa impresión».

Organiza: Escola de Teatro Melandrainas

VENRES 8/20:00 h/AUDITORIO CCC DE ARTEIXO/Cinema



TOY STORY 4

TP / Con entrada (3 e 2,25 €)

Duración: 100 minutos

Dirección: Josh Cooley

Productora: Pixar

Woody sempre tivo claro cal é o seu labor no mundo e a súa prioridade: coidar ao seu dono, xa sexa Andy ou Bonnie. Pero cando Bonnie engade a Forky, un novo xoguete de fabricación propia, á súa habitación, arrinca unha nova aventura que servirá para que os vellos e novos amigos lle ensinen a Woody o grande que pode ser o mundo para un xoguete.

OUTUBRO

Teatro/Cinema/Música/Monicreques/Danza/Maxia e Exposición

SÁBADO 9/20:00 h/AUDITORIO CCC DE ARTEIXO/Cinema



QUIEN A HIERRO MATA

Adultos / Con entrada (3 e 2,25 €)
Duración: 107 minutos
Dirección: Paco Plaza
Reparto: Luis Tosar, Xan Cejudo, María Vázquez, Ismael Martínez, Enric Auquer
Estudio: Vaca Films

Nun pobo da costa galega vive Mario, un home exemplar. Na residencia de anciáns na que traballa como enfermeiro todos o estiman. Cando o narcotraficante máis coñecido da zona, Antonio Padín, recentemente saído do cárcere, ingresa na residencia, Mario trata de que Antonio se sinta como na casa. Agora, os dous fillos de Padín, Kike e Toño, están ao mando do negocio familiar.

En conmemoración do Día do Cine Español (6 de outubro)

VENRES 15/20:00 h/AUDITORIO CCC DE ARTEIXO/Música



DAVIDE, FRANSY E CIBRÁN

Folk Tradicional

TP

Con entrada (4 e 3 €)
Duración: 70 minutos

A arteixá Fransy González e Davide Salvado son dúas das principais voces do panorama musical galego, con actuacións tamén noutros países ao longo das últimas décadas. Cibrán Seixo achega ao conxunto a melodía do violín, nunha unión de instrumentos totalmente compacta. Voz, pandeireta e pandeiro son os ingredientes principais desta idea conxunta, cunha nova sonoridade na que mostran cancións de sempre sen perder, cada un deles, o seu estilo persoal.

Do 16 ao 17 de OUTUBRO/PASEO FLUVIAL ARTEIXO



O PEQUENO MERCADO DOS CAPRICHOS

Sete paradas tradicionais de alimentación e produtos de artesanía no Paseo fluvial: embutidos caseiros, queixos, aceitunas e viños, frutos secos, fruta deshidratada e marmeladas, bolsas, bolsos e complementos, bisutería de autor e artesanía en decoración do fogar.

SÁBADO 16/PASEO FLUVIAL/Música

PASACALLES DA AX XIRADELA

Organiza: Asociación Xuvenil Xiradela

SÁBADO 16/17:00 h/ANFITEATRO/Monicreques



ELBA E MARCOS E OS XOGUETES ENCANTADOS

Duende Sico

Infantil (3-7) / Con invitación
Duración: 50 minutos
Autor e dirección: Jacobo Cabezas
Elenco: Jorge Díez, Enrique Martínez, Leticia Miranda

Elba e Marcos non comparten os seus xoguetes e iso non está ben. Os seus xoguetes cobran vida para darlles unha lección.

Xogos, bromas, cancións, sustos, feitizos máxicos e moitas risas. Estes son os ingredientes para que Elba e Marcos e todos os nenos do público, aprendan que todos os tipos de xoguetes, de comida, de pezas de vestir, gustos ou afeccións caben nunha persoa.

SÁBADO 16/18:30 h/AUDITORIO CCC ARTEIXO/Monicreques



A MESTRA DA LINGUA

Duende Sico

Infantil (6-12 anos) / Con invitación
Duración: 50 minutos
Autor e dirección: Jacobo Cabezas
Elenco: Jorge Díez, Enrique Martínez, Leticia Miranda

A través de xogos, contos, textos de autores infantís galegos, proxecións e monicreques... a profesora Tomasa fomenta entre os máis pequenos o uso da lingua galega ao mesmo tempo que lles inculca o concepto de non ter prexuízos lingüísticos.

DOMINGO 17/17:00h/ANFITEATRO/Danza



SER E TERRA

Nova Galega Danza

Adultos / Con invitación
Duración: 20 minutos
Dirección e coreografía: Jaime Pablo Díaz
Música: Xosé Luís Romero, Pedro Lamas
Corpo de baile: Alba Vázquez, Inés Vietes Veiras, Iván Villar e Jaime Pablo Díaz

SER E TERRA é un estilo de danza que molla o aire. Outra fecunda realidade artística que chega dende Galicia -absolutamente nova- con raíces tan fondas como o propio océano. Arte plena, cargada co poder desta Fistera, e, ao tempo, capaz de emocionar a calquera ser humano. Aire fresco, unha fusión con boas coreografías onde se mestura o sabor a mar e a terra.

En caso de choiva, AUDITORIO DO CCC DE ARTEIXO

TEATRO CINEMA MÚSICA
MONICREQUES DANZA MAXIA
EXPOSICIONS

OUTUBRO

Teatro/Cinema/Música/Moncreques/Danza/Maxia e Exposición

VENRES 22/20:00h/AUDITORIO CCC ARTEIXO/Teatro



CIGARREIRAS

Contraproducións

Adultos / Con entrada (6 e 4,50 €)

Duración: 100 minutos

Autora: Emilia Pardo Bazán

Dirección e adaptación: Cándido Pazó

Reperto: Tamara Canosa, Susana Dans, Merce Castro, Isabel Naveira, Covadonga Berdiñas, Ana Santos e Leticia Sola

No centenario do pasamento da novelista Emilia Pardo Bazán Contraproducións presenta esta relectura dunha das obras máis interesantes da autora: A Tribuna. A muller, o amor e os prexuízos de clase son os temas entorno ao que xirarán esta relectura, facendo fincapé no ambiente e primeiras loitas femininas das traballadoras da Fábrica de Tabacos da Coruña.

SÁBADO 23/20:00h/AUDITORIO CCC ARTEIXO/Teatro

DON MENDO.
AULA-ENSAIO

Pasapadentro

TP/Con invitación

Duración: 60 minutos

Autor: Pedro Muñoz Seca

Dirección e adaptación: Marga Fernández

Elenco: Miguel Mira, Antía del Río, Nacho Rodríguez, Yvonne Rothenbüler, Ofelia Rodríguez, Isabel Gómez, Adrián Golpe, Juan del Río, Isabel Fernández, Ana Mª Varela, Montse Martínez e Sonia Fernández

Como ben nos indica o seu título, amosa un ensaio do grupo, da famosa obra de Muñoz Seca. Unha recreación "en partes" dos actos máis coñecidos que ten como obxectivo espertar as curiosidades sobre esta famosa obra que fai un percorrido por case todas as formas métricas da poesía castelá e que pertence a un xénero que o seu propio autor creou e nomeou como "astracán".

Organiza: Escola de Teatro Melandrainas

VENRES 29/20:00 h/AUDITORIO CCC ARTEIXO/Maxia



SOÑANDO DESPERTO

Mago David Maestro

TP/ Con entrada (3 e 2,25 €)

Duración: 50 minutos

David con 18 anos cambiou o rumbo da súa maxia e comezou a súa carreira profesional, actuando en diferentes escenarios de calquera ámbito. Ten actuado en auditorios e salas de diferentes poboacións españolas pero David Maestro é máis coñecido polas súas actuacións televisivas: Quen anda aí? (TVG), Got Talent España (TELECINCO), Hora Punta, Pura Magia (TVE)

SÁBADO 30/12:00 h/AUDITORIO CCC ARTEIXO/Maxia



O CAMIÑO DO AFIADOR

Mago Teto

TP / Con invitación

Duración: 50 minutos

Dirección e elenco: Héctor Guerra

Espectáculo que xira ao redor dunha roda de afiar dos anos 30. O afiador, un oficio que tivo o seu apoxeo nos séculos XVIII e XIX (e practicamente extinguido no século XXI) desprazábase centos ou milleiros de quilómetros por uns meses, mesmo anos, coa única compañía da súa roda. Miles de historias e aventuras doutros tempos chegan á escena coa axuda do ilusionismo.

Organiza: FalaRedes, programa incluído na Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia

NOVEMBRO

Teatro/Música/Danza e Exposición

VENRES 5/20:00 h/AUDITORIO CCC ARTEIXO/Teatro



DREAMING JULIET

Elefante Elegante

Adultos/ Con entrada (4 e 3 €)

Duración: 75 minutos

Autor: Gonçalo Guerreiro

Dirección: María Torres, Gonçalo Guerreiro e Pablo Sánchez

Adaptación: María Torres e Gonçalo Guerreiro

Elenco: María Torres, Gonçalo Guerreiro, Marta Alonso, Nacho Martín e Mighelón Paz

Peza inspirada no Romeo e Xulieta de W. Shakespeare para abordar a cuestión máis esencial da existencia humana: o amor. A paixón, a familia e a maternidade son os temas intrínsecos da obra e o teatro físico e visual a ferramenta da creación. Dreaming Juliet pretende reflexionar sobre o futuro de Romeo e Xulieta caso non tivesen morrido. Que acontecería ao seu profundo amor se acabasen formando familia e tivesen que enfrentar a rutina de todos os días?

Premio de Teatro María Casares 2021 ao mellor vestiario

VENRES 12/20:00h/AUDITORIO CCC ARTEIXO/Teatro

A LINGUA
DAS BOLBORETAS

Sarabela Teatro

Adultos / Con entrada (4 e 3 €)

Duración: 70 minutos

Autor: Manuel Rivas

Dirección: Gonçalo Guerreiro

Adaptación: Gonçalo Guerreiro e Fernando Dacosta

Elenco: Fran Lareu, Fernando Dacosta, Fina Calleja, Sabela Gago, Josito Porto, Elena Seijo

A través da entrañable relación que manteñen o mestre, don Gregorio, e o neno, Pardal, vaise descubrindo a historia da fascinación infantil do protagonista ante o descoñecido e do sufrimento que provoca a represión das liberdades humanas. O proceso de aprendizaxe que emprende o rapaz da man do mestre da escola (unha figura que simboliza a liberdade de que xera o coñecemento) é testemuña tamén da traxedia que supón vivir con medo, do cru impacto que xera o estalido dunha guerra civil.

4 premios de Teatro María Casares 2021, entre eles, o de mellor espectáculo

NOVEMBRO

Teatro/Música/Danza e Exposición

SÁBADO 13/12:00 h/AUDITORIO CCC ARTEIXO/Música



CONCERTO DIDÁCTICO

Fransy González & Davide Salvado

TP / Con invitación

Duración: 60 minutos

Con motivo da conmemoración do Día do Patrimonio Mundial, a Deputación da Coruña puxo en marcha o Programa "Patrimonio GZ Sons" co que se pretende por en valor a riqueza do patrimonio musical galego e difundir os procesos creativos e de investigación. A arteixá Fransy González e Davide Salvado serán os encargados de ofrecer un concerto pedagóxico.

Organiza: Servizo Municipal de Educación

VENRES 19/20:00 h/AUDITORIO CCC ARTEIXO/Teatro



PORVENIR

ImproMadrid Teatro

Adultos / Con entrada (4 e 3 €)

Duración: 90 minutos

Autor e Dirección: Ignacio López

Elenco: Ignacio Soriano, Paloma Córdoba, Elena Lombao, Borja Cortés e Ignacio López

Historia de catro amigos de toda a vida que, azuzados pola deusa da fortuna, enfrontáanse ao dilema de como queren vivir a madurez das súas vidas. Son eles os que levan as rendas da súa existencia ou, pola contra, simplemente déixanse levar pasivamente polos seus quefaceres cotiáns...?

VENRES 26/20:00 h/AUDITORIO CCC ARTEIXO/Teatro



INSUBMISIÓN

Teatro del Andamio

Adultos / Con entrada (3 e 2,25 €)

Duración: 60 minutos

Autor: Rosa Molero

Adaptación: Teatro del Andamio

Dirección: Tatiana Likhacheva

Elenco: Gema Ulloa e Fran Giraldo

Historia sobre a violencia no ámbito familiar que parte de dúas premisas. A primeira é que a violencia non aparece explicitamente. Trátase dunha violencia suxerida, subxacente... A tensión dramática crece ao redor desa violencia contida, pero que non estala sobre o escenario. A segunda é que Insubmisión non só se articula sobre a dor senón tamén sobre a esperanza, sobre a rebelión ante os fíos que nos atan a unha vida desgarrada. Hai saída; é posible facer as maletas e pechar a porta.

Premio nacional de teatro Castelo a Escena 2006
Espectáculo conmemorativo polo Día Internacional CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

DOMINGO 28/ AUDITORIO CCC ARTEIXO/Música



XXI CONCURSO DE MÚSICA TRADICIONAL

Asociación Xuvenil Xiradela

TP / Con invitación

O Concurso de Música Tradicional de Grupos de Pandereteiras promovido pola Asociación Xiradela é un dos máis consolidados no ámbito da música Folk en Galicia e tras 20 edicións segue a medrar en importancia ano tras ano. Participantes de todas as idades, divididos en 4 categorías e pertencentes a agrupacións xuvenís, culturais, recreativas, de veciños, etc danse cita en Arteixo procedentes de diferentes localidades de toda a xeografía galega cun único obxectivo: fomentar a música tradicional máis de noso e reforzar sinerxias e lazos de unión entre distintas agrupacións a prol da Cultura e o Patrimonio en Galicia.

Organiza: Asociación Xuvenil Xiradela

DECEMBRO

Teatro e Exposición

VENRES 3/20:00 h/AUDITORIO CCC ARTEIXO/Teatro



FARIÑA

Ainé Produccións

Adultos / Con entrada (6 e 4,50 €)

Duración: 100 minutos

Autor: Xosé Prieto coa colaboración de Nacho Carretero

Dirección: Tito Asorey

Elenco: Xosé A. Touriñán, César Goldi, Marta Lado, Graciela Carlos e Sergio Zearreta

Fariña non permite ao espectador nin acomodarse na butaca. A unha imponente descarga suceden conversas entre rapaces e veciños das vilas falando, mercando, consumindo e manexando con soltura o famoso Winston de batea. O fenómeno xa está en marcha. O elenco de actores entran e saen da escena meténdose na pel de decenas de personaxes: un alcalde corrupto disposto a financiar unha verbena, os veciños máis novos probando a mercancía a escondidas...

5 Candidaturas aos Premios Max
Máis de 46.000 espectadores nas súas estancias en Madrid e Barcelona e a xira inicial en Galicia.

TEATRO CINEMA MÚSICA
MONICREQUES DANZA MAXIA
EXPOSICIÓN

DECEMBRO

Teatro e Exposición

VENRES 10/ 20:00 h/ AUDITORIO CCC ARTEIXO/Teatro



O CHARCO DE ULISES

Centro Dramático Galego (CDG)

Adultos/Con entrada (4 e 3 €)

Duración: 60 minutos

Autor: Santiago Cortegoso

Dirección e adaptación: Marián

Bañobre e Santiago Cortegoso

Elenco: Oscar Allo, Miguel Borines,

Mónica Camaño, Rosalía Castro,

Raquel Espada, Manuel Millán,

Fran Paredes, Chusa Pérez de Vallejo,

Inés Salvado Gontad e Paulo Serantes

Versión libre da Odisea, traspasada a un contexto transatlántico. Do mar ao océano. De Ítaca a Galicia. De Troia a Buenos Aires. Do Mediterráneo ao Atlántico. A trama discorre en paralelo ao clásico de Homero, xerando un diálogo co mito orixinal, para tratar o fenómeno da emigración galega cun marcado compoñente poético. Ulises permanece errante durante 10 anos viaxando de illa en illa, vivindo aventuras inesquecibles, entre suculentos banquetes e fermosas mulleres. A idea do regreso á patria non o abandona nunca, pero a súa vida non había transcender se non saíra dela.

VENRES 17/20:00h/AUDITORIO CCC ARTEIXO/Teatro

Asociación Cultural Faíscas presenta:

OPERACIÓN COROA

UN GOLPE MOI REAL

Un grupo de mulleres tomará unha decisión que lles cambiará a vida. E á rainha tamén.

OPERACIÓN COROA: UN GOLPE MOI REAL

Asociación Cultural Faíscas

Adultos/Con invitación

Duración: 75 minutos

Autora: Marina Gutiérrez

Dirección: Xavier Ramilo

Elenco: María Dubra, Charo Dubra,

Maruja Rama, M. Luisa Naya,

Olga Santos, Paz Murias,

Carmen Palleiro, Ofelia Castro,

Lucy Regueira, Ana Traba,

Mary Firvida e Maribel

Nora e Marica son dúas amigas que soen pasar ratos no bar "Que cho pague Rita", propiedade de Rosiña, unha muller de Camariñas que vive na vila dende hai anos. Ante a precaria situación que atravesan Marica, aproveitando unha ocasión fortuita, decide dar un golpe co que poder ir a Cuba de vacacións, desexo que leva tempo soñando facer realidade.

O bar convértese na base de reclutamento dunha banda para delinquir e, entre cafés e biscoitos (que non paga ningún), desfilan os máis pintorescos personaxes.

Organiza: Asociación cultural Faíscas

TEATRO CINEMA MÚSICA
MONICREQUES DANZA MAXIA
EXPOSICIONS

EXPOSICIÓNS



1 – 19 DE OUTUBRO




AS LUCES DO MAR

Juan Menéndez en colaboración co Centro Residencial de Arteixo
Exposición de maquetas

Juan Menéndez Eiras, natural de Culleredo, ten na actualidade 92 anos e é un dos usuarios do Centro Residencial de Arteixo. Enxeñeiro de profesión, dedicou toda a súa vida á construción de maquetas durante o seu tempo de lecer, afección que lle permitiu facer máis levadío os momentos máis duros do confinamento por mor da pandemia do COVID-19 e que o levou a protagonizar a campaña publicitaria promovida pola Xunta de Galicia "Grazas, persoal sociosanitario". Esta mostra é unha homenaxe a toda unha vida dedicada á maestría artesanal á recreación de elementos de arquitectura civil da nosa contorna xeográfica: hórreos, faros, pontes, etc.

22 DE OUTUBRO – 11 DE NOVEMBRO



A COSTA DA MORTE NAMORA

Chelo do Xastre
Exposición de fotografías

Chelo do Xastre é natural de Fisterra, pero dende hai 14 anos reside en Arteixo. A súa paixón sempre foi a fotografía, a súa cámara é un "terceiro brazo" para ela. Esta mostra percorre diferentes paisaxes da Costa da morte cunha recompilación de imaxes tomadas entre 2015-2021 onde se poden percorrer as diferentes praias, acantilados, faros da zona noroeste da nosa xeografía.

EXPOSICIÓN

12 DE NOVIEMBRE — 1 DE DICIEMBRE



OBRA PICTÓRICA/CMPL

Raúl Marín
Exposición de Pintura

Deseñador de Comunicación Visual, Raúl Marín emprega a pintura como método de autoexploración creativa e de evasión da rutina diaria. As posibilidades son infinitas. Emprega diferentes materiais, mesmo recorre á técnicas escultóricas nas súas obras. O resultado é unha ampla mostra composta de pezas de diversos tamaños que oscilan entre varios estilos: o abstracto e o figurativo, o informalismo, o expresionismo abstracto.

3 DE DICIEMBRE — 3 DE XANEIRO

FACER CAMIÑO

da Real Academia Galega das
Belas Artes en colaboración coa
Deputación da Coruña
Exposición de pintura, escultura
e fotografías

Exposición itinerante na que se asocia a arte co Camiño de Santiago. Unha escolma de 23 pezas de destacados artistas galegos, enfiada por citas e referencias a Santiago de Compostela e á peregrinación xacobeá de autores como Dante, Federico García Lorca ou Vicente Risco. En concreto, a exposición acolle obras de Manuel Budiño, Ignacio Basallo, Xosé Díaz, Menchu Lamas, Xurxo Lobato, Acisclo Manzano, Din Matamor, Manolo Paz, Soledad Penalta, Manuel Quintana Martelo, Rafael Ubeda e Miguel Anxo Prado.

FACER CAMIÑO
REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES



OUTONO CULTURAL ARTEIXO 2021

TEATRO CINEMA MÚSICA
MONDREQUES DANZA MAXIA
EXPOSICIÓN

ORGANIZA:

#CULTURA
SEGURA

COLABORAN:



galicia

Xacobeo 21-22

XUNTA
DE GALICIA

AGADIC
Agencia Galega das
Industrias Culturais

REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

Deputación
DA CORUÑA



Rede de
Dinamización
Linguística

falaRedes
programa de dinamización lingüística